



PUBLICACIÓN

Asunto: Aprobación inicial do Sistema interno de información do Concello de Neda

Expediente TEDEC: 2026/X008/000001

O Pleno do Concello de Neda, na súa sesión ordinaria do 03.08.2026, acordou a aprobación inicial do Sistema interno de información do Concello de Neda, de acordo cos documentos: Política do sistema interno de información e garantías de protección das persoas informantes e Procedemento de xestión e investigación do sistema interno de información (canle de denuncias).

En cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 56 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta (30) días, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, para que poida ser examinado e se presenten as reclamacións que se estimen oportunas.

O expediente poderase examinar nas oficinas do Concello nos días hábiles durante o horario de atención ao público ou ben no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Neda: <https://sede.neda.gal>.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentara ningunha reclamación, considerarase aprobado definitivamente o devandito acordo.

En Neda, 5 de agosto de 2026.

Asinado dixitalmente polo alcalde, Ángel Alvarinho Saavedra.